

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 07.02.2020 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de febreiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 60637 (10/POC-009483)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a motivación que fai que a Xunta de Galicia non colabore coa festa do Marisco de Narón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 1.2 61033 (10/POC-009635)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os medios materiais e humanos dispoñibles pola Consellería do Mar para o control do furtivismo e as medidas adoptadas para este fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020
- 1.3 61036 (10/POC-009636)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da aplicación do Plan Camgal no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas e as principais vantaxes das previsións contidas para este espazo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020
- 1.4 61224 (10/POC-009721)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración da Consellería do Mar sobre os datos de venda e facturación das lonxas galegas no ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 590, do 15.01.2020
- 1.5 61489 (10/POC-009834)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre a promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de

elaborados pesqueiros do certificado MSC
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 595, do 23.01.2020

- 1.6 61702 (10/POC-009879)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
 Sobre as accións a desenvolver para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 595, do 23.01.2020
- 1.7 61813 (10/POC-009905)
 Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
 Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé
 Sobre a situación da firma coruñesa de procesado e distribución de peixe Isidro 1952
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 595, do 23.01.2020
- 1.8 62018 (10/POC-009956)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Otero Rodríguez, Patricia e Liñeiro Pouso, Encarnación
 Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a praga de moscas e mosquitos que vén padecendo o casco urbano de Ribadeo desde hai anos, na época de calor, a consecuencia do almacenamento indefinido de madeira no porto de Mirasol
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 600, do 30.01.2020
- 1.9 62443 (10/POC-010018)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
 Sobre a posta en marcha das medidas incluídas na moción aprobada polo Parlamento galego no pleno do 17 de decembro
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 600, do 30.01.2020

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020



Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Paula Quinteiro Araújo

GCE

Vogais

Francisco Casal Vidal

M

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Ana Belén García Vidal

P

Encarnación Liñeiro Pouso

S

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 60637(10/POC-009483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a motivación que fai que a Xunta de Galicia non colabore coa festa do Marisco de Narón

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A ría de Ferrol é un recurso natural e paisaxístico susceptible de aproveitamento primario para o sustento de varias familias nunha economía sostible medioambientalmente, ademais do aproveitamento como recurso turístico incuestionable.

Na actualidade existen aproximadamente cincocentas familias que viven directamente do marisqueo na ría de Ferrol, entre as que traballan as confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos.

Estas tres confrarías contan coa marca *pescadeRías ¿de onde se non?*, esta marca é un selo de identidade para a promoción e defensa dos peixes e mariscos procedentes da frota artesanal cuxa fama de variedade e calidade traspasan as nosas fronteiras.

Para a promoción do marisco da Ría de Ferrol, o concello de Narón organiza a Festa do Marisco, polo que o pasado 28 de outubro solicitáronlle á Xunta de Galicia colaboración, e que consistía na participación nun posible *showcooking*, cartelaría, *merchandising*, algún taller para os máis pequenos, etc.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non colabora coa Festa do Marisco que organiza o concello de Narón coa colaboración das confrarías de Ferrol, Mugardos e Barallobre?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 60637
Data envío: 27/12/2019 15:41:50.563

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/12/2019 11:50:35

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2019 11:50:53

Patricia Otero Rodríguez na data 27/12/2019 11:51:07

CSV REXISTRO
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 61033(10/POC-009635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os medios materiais e humanos dispoñibles pola
Consellería do Mar para o control do furtivismo e as medidas
adoptadas para este fin

Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

O furtivismo é unha lacra que afecta a toda a sociedade no seu conxunto, xa que por unha banda menoscaba á economía no sentido en que laboralmente afecta aos profesionais ao minorar os seus ingresos pola minoración dos recursos e a baixada de presos por sobreoferta de produto, comercialmente dana a propia imaxe dos produtos, que ven como aqueles que foron obtidos e comercializados sen as debidas garantías suplantan a súa valía e aproveítanse do bo traballo de moitos profesionais do mar e da cadea mar-industria.

Por outra banda, prexudica tamén á saúde pública porque esta falta de seguridade alimentaria pode provocar serios riscos de intoxicación e, por último, ao medio ambiente porque agrede aos recursos mariños que, segundo os casos, pode chegar a ser irreparable.

Resulta evidente que loitar contra esta situación é unha tarefa inxente que non pode ser abordada de forma unilateral polo Servizo de Gardacostas de Galicia e vese necesaria a coordinación de todos os medios dispoñibles, máxime cando o propio furtivismo ven acompañado en moitas ocasións por fenómenos coma a violencia contra o persoal de Gardacostas ou a dificultade de realizar controis en estradas.

Conscientes de que a Xunta de Galicia aposta por todos os medios ao seu alcance para erradicar esta actividade ilegal tan prexudicial para o conxunto da nosa sociedade, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os medios materiais e humanos dispoñibles pola Consellería do Mar para o control do furtivismo?
2. Que tipo de colaboracións con outras administracións existen neste ámbito?
3. Cal é o gasto orzamentario que se destina para este fin?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 10:16:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 10:21:58
Nº Rexistro: 61033
Data envío: 08/01/2020 10:21:58.800

María Ángeles García Míguez na data 08/01/2020 10:17:18

Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 10:17:28

Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 10:17:43

Marta Rodríguez Arias na data 08/01/2020 10:17:56

María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 10:18:12

Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 10:18:28



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 61036(10/POC-009636)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da aplicación do Plan Camgal no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas e as principais vantaxes das previsións contidas para este espazo

Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

No marco da aprobación do *Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia* e do desenvolvemento dunha acción na que se propuxo facer plans de zonas protexidas dentro do proxecto ARCOPOL PLATFORM, presentouse o Plan Camgal 2016-2020, co que se melloraban e actualizaban as ferramentas para a loita contra a contaminación mariña accidental.

Un dos seus obxectivos prioritarios foi a incorporación dun plan de continxencias específico para o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

O Plan Illas Atlánticas abarca o territorio de varios concellos e comprende parte da zona mariña dos arquipélagos das: Illas Cíes, Illas Ons e Onza, Illas de Sálvora e illotes do seu entorno e Illas de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas.

É por iso que nun principio pensouse en darlle a mesma entidade que teñen os plans dos concellos. Tras varias deliberacións e unha consulta informal ao *Ministerio para la Transición Ecológica*, acordouse que formase parte do Plan Camgal como anexo. Isto garantiría que se un vertido afectaba a esta área específica, o Plan Camgal poríase en marcha.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

- Que balance fai da aplicación do Plan Camgal no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas?
- Cales son as principais vantaxes das previsións contidas para este espazo?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 11:02:40

María Ángeles García Míguez na data 08/01/2020 11:03:06

Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 11:03:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 11:07:10
Nº Rexistro: 61036
Data envío: 08/01/2020 11:07:10.170

Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 11:03:31

Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 11:03:43

María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 11:04:00

Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 11:04:07



CSV REXISTRODINIZUNEOy8

Verificación

<http://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 61224(10/POC-009721)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración da Consellería do Mar sobre os datos de
venta e facturación das lonxas galegas no ano 2019

Publicación da iniciativa, 590, 15.01.2020

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 13:48:21
Nº Rexistro: 61224
Data envío: 09/01/2020 13:48:21.262

Á MESA DO PARLAMENTO

Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada do grupo parlamentar **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

O Portal da administración autonómica ven de dar a coñecer os datos de venda e facturación das lonxas galegas do pasado 2019, o resultado pode considerarse catastrófico.

Se durante o último ano tivemos que aturar que o único argumento na defensa da política pesqueira elaborada pola conselleira eran os datos de venda nas lonxas, cualificados incluso de extraordinarios por parte da máxima responsable da Consellería, hoxe o seu derrube é a demostración dos continuos erros na estratexia pesqueira do noso país. Compre mudar o rumbo para poder cambiar a dinámica de destrución de emprego e capacidade económica do noso sector do mar, que afronta un 2020 con enormes incerteza logo de ter superado un desastroso 2019.

É hora de facer balance, co obxectivo de coñecer os motivos que levaron ao sector a esta situación e adoptar as decisións que nos permitan superala .

As cifras non deixan lugar a dúbidas, estamos perante o peor ano en capturas dende 2005, e o peor en resultados económicos dende 2015, tal como se amosa na táboa extraída dos datos da propia consellería:



CSV: REXISTROJOaMbAe7

Comisión 8.ª

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 13:48:21
Nº Rexistro: 61224
Data envío: 09/01/2020 13:48:21.262

	Datos de pesca de Galicia de venda en lonxas				
	Quilos	importe	IPC Galicia	Importe en termos reais	
2019	157.843.436,50	463.381.346,16			90,57667821
2018	174.264.987,00	491.736.115,00	103,81	473.706.452,66	74,17994794
2017	212.784.506,97	508.672.052,23	102,11	498.138.092,04	83,7690915
2016	188.426.821,48	491.454.102,61	100,00	491.453.693,07	87,49184677
2015	180.409.309,35	457.753.309,94	100,30	456.363.303,38	84,37748299
2014	187.068.197,48	431.959.960,60	101,02	427.582.936,61	96,65007284
2013	163.314.348,20	412.826.396,29	101,01	408.692.809,10	90,19875252
2012	174.995.143,60	440.467.356,08	99,53	442.526.950,26	86,0400472
2011	183.453.451,77	474.626.708,23	97,23	488.147.582,69	84,28575993
2010	187.271.772,40	457.815.565,27	94,05	486.767.696,58	80,64136038
2009	195.735.086,50	421.895.547,07	92,32	456.982.677,01	90,97314959
2008	173.505.520,26	450.865.837,71	92,86	485.509.357,95	91,6552449
2007	172.214.297,91	463.192.575,44	89,12	519.767.053,52	93,22394123
2006	169.316.416,38	432.687.836,11	86,98	497.435.728,67	97,56054379
2005	161.790.238,52	412.380.710,52	84,02	490.802.821,32	104,410377
2004	151.176.004,70	389.228.045,98	81,29	478.794.054,84	126,6907864
2003	124.589.515,10	334.643.319,66	78,92	424.031.669,00	123,3385761
2002	127.975.724,61	327.885.356,74	76,57	428.199.234,60	110,4745266
2001	142.877.676,30	354.890.786,90			

CSV REXISTRO: 0a1MdAe7
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 13:48:21
Nº Rexistro: 61224
Data envío: 09/01/2020 13:48:21.262

Polo exposto as deputadas asinantes facemos as **seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- Que valoración fai a Consellería do Mar destes datos?
- Que medidas ten previsto implementar para superar esta situación?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 09/01/2020 13:46:11

Paula Quinteiro Araújo na data 09/01/2020 13:46:19



CSV REXISTRO: 0a1Md6Ae7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 61489(10/POC-009834)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a promoción e implantación nas pesquerías galegas e
empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC

Publicación da iniciativa, 595, 23.01.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 11:07:12
Nº Rexistro: 61489
Data envío: 14/01/2020 11:07:12,460

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª**, relativa á promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC (Marine Stewardship Council)

A pesca sustentable defínese como o conxunto de prácticas orientadas a manter a poboación das especies mariñas nuns niveis óptimos para garantir a súa supervivencia, respectando a súa contorna natural. Caracterízase por:

- O respecto aos ecosistemas mariños.
- A protección das especies en perigo.
- Utilizar artes de pesca avanzadas e selectivas.
- Manter as poboacións nuns niveis saudables.
- Minimizar o consumo de enerxía durante o proceso de pesca.
- Informar correctamente ao consumidor.
- Crear conciencia social.

O selo de Marine Stewardship Council (MSC) é un estándar internacional de maior garantía e prestixio para a pesca sustentable e a trazabilidade dos produtos pesqueiros. Segundo datos da propia organización, máis de 389 pesquerías incorporáronse ao seu programa. A nivel mundial, máis de 23.000 produtos do mar portan esta ecoetiqueta.

CSM-REXISTRODYIZVOCIS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 11:07:12
Nº Rexistro: 61489
Data envío: 14/01/2020 11:07:12.460

MSC axuda aos consumidores a identificar o peixe capturado de forma respectuosa co medio ambiente. Recentemente, puxeron a disposición do consumidor un buscador online de produtos que contan con este selo.

Obter este selo significa que se está cumprindo coa norma máis recoñecida do mundo en materia de sustentabilidade: o Estándar de Pesqueiras de MSC, o cal está baseado no código de conduta para a pesca responsable fixado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e foi desenvolvido tras consultar cun conxunto de organizacións e representantes de gobernos, universidades, investigadores, industria pesqueira e ONGs de todo o mundo.

A certificación de MSC confirma que a súa pesqueira está ben xestionada e que está a salvagardar os recursos mariños e medios de vida que dependen da pesca para as xeracións futuras

A pesca sustentable axuda a xerar e manter emprego a nivel local, rexional e global. É unha garantía cada vez máis valorada polos consumidores, o que achega valor ás empresas que comercializan os seus produtos con este selo.

En España 120 empresas certificaron a súa trazabilidade para poder comprar e vender produtos co selo azul de MSC.

Ante esta situación, os deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a

- 1.- Ten a Xunta de Galicia un programa específico para promocionar a consecución do selo MSC entre as pesquerías galegas e as empresas de procesado de produtos pesqueiros?
- 2.- Que orzamento dedica a esta actividade?
- 3.- Cantas empresas galegas de pesca ou elaboración de produtos pesqueiros teñen o selo MSC?



CSV REXISTRO: RODVhZxosj8

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 11:07:12
Nº Rexistro: 61489
Data envío: 14/01/2020 11:07:12.460

4.- Entre as que o teñen, que porcentaxe das súas capturas ou os seus elaborados contan co selo MSC?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
David Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 14/01/2020 11:05:18

David Rodríguez Estévez na data 14/01/2020 11:05:48

Paula Vázquez Verao na data 14/01/2020 11:05:58

Luis Villares Naveira na data 14/01/2020 11:06:09



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 61702(10/POC-009879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as accións a desenvolver para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, 595, 23.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:20:31
Nº Rexistro: 61702
Data envío: 16/01/2020 10:20:31.618

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos xa en 2020, e a situación da ría de Ferrol lonxe de mellorar é cada vez peor. Sen ir mais atrás, desde comezo desta década ate a actualidade a produción marisqueira baixou a apenas un 10% do que era. Isto ocorre en todos os ámbitos da mesma, a pé e a flote, en case todas as especies, e é especialmente grave na ameixa babosa e a ameixa fina.

Hoxe en día está seriamente en risco a viabilidade das tres Confrarías da ría, con a maior parte dos mariscadores e mariscadoras con baixas prolongadas ou sobrevivindo, gañando apenas para pagar o seguro e pouco mais. Situacións persoais penosas e Confrarías sen ingresos.

As causas desta situación como case sempre, exceptuando algunha catástrofe concreta, son múltiples. Mais as principais son de sobras coñecidas e por parte da Consellería, non se están a aportar solucións. A situación é demasiado grave e merece seriedade e non xogar co medio de vida da xente.

CSV: REXISTRO65RPLYL8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:20:31
Nº Rexistro: 61702
Data envío: 16/01/2020 10:20:31.618

Coñécese sobradamente que a maioría dos bancos marisqueiros da ría están altamente degradados por anos de vertidos sen control, a depuración das augas residuais mellora a calidade das augas do mar permitindo a comercialización, mais non recupera os bancos marisqueiros sepultados polos lodos dos vertidos. En particular o banco marisqueiro das Pías, o mais importante da ría, hoxe apenas ten produción, das mais de 200 embarcacións diarias de comezos desta década, hoxe non hai nin unha ducia cada día.

Esta situación non se pode prolongar mais, e pódese parar se de verdade se toman as medidas que son precisas, sen xogar ao despiste nin colocar parches que non son mais que solucións temporais. As medidas que se tomen, teñen que realizarse en colaboración coas Confrarías para poder obter o maior rendemento posíbel, contando cos técnicos e biólogos da Consellería, así como tamén coa colaboración da estación de bioloxía mariña da Graña.

E preciso comezar canto antes para evitar un deterioro maior, o peche de entidades e a práctica desaparición do marisqueo da ría, razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai a Consellaría do Mar da evolución do sector marisqueiro en Galiza nos últimos 10 anos?

Que valoración fai da situación do marisqueo na ría de Ferrol?

Cal foi a evolución dos PERMEX para marisqueo nesta ría?

Considera satisfactorio o nivel de produción existente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:20:31
Nº Rexistro: 61702
Data envío: 16/01/2020 10:20:31.618

Que actuacións ten realizado para garantir a produción na ría e as rendas das mariscadoras?

É coñecedora da situación límite na que están as confrarías?

Que vai facer para garantir a súa viabilidade?

Que actuacións vai realizar para reverter a situación?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 10:11:44

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 10:11:50

CSV REXISTRO6d5PVLJ8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 16/01/2020 10:20:31

Nº Rexistro: 61702

Data envío: 16/01/2020 10:20:31.618

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 10:11:57

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 10:12:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 10:12:13

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 10:12:20



CSV REXISTRO6d5P1YLJ8

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 61813(10/POC-009905)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé

Sobre a situación da firma coruñesa de procesado e
distribución de peixe Isidro 1952

Publicación da iniciativa, 595, 23.01.2020

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:54:59
Nº Rexistro: 61813
Data envío: 16/01/2020 16:54:59.301

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Xan Xove González, deputada e deputado do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 8ª**.

Traballadores e traballadoras dos seis centros da firma coruñesa de procesado e distribución de peixe Isidro 1952 iniciaron o 9 de xaneiro unha folga indefinida fronte ao ERE de extinción, que pode supor o despedimento de traballadores, así como recortes nas condicións laborais. Trátase da fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do polígono do Espírito Santo, en Cambre; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; o criadeiro de rodaballo de Lorbé, en Oleiros, e o criadeiro de ollomol de Valdoviño.

A empresa comunicou o 4 de decembro un ERE de extinción para 136 dos/as 225 traballadores/as, un 60% da plantilla. Ademais, a situación que pretende implantar a empresa conlevaría a rebaixa dos salarios até o mínimo recollido nos convenios de aplicación (o que nalgúns casos suporía percibir até 300 euros mensuais menos) e uns ritmos e cargas de traballo imposíbeis de realizar. A dirección de Isidro 1952 formulou o despedimento colectivo e o recorte nas condicións laborais e salariais estando en situación de concurso.

Practicamente o 100% do persoal está secundando a folga convocada na empresa para demandar a paralización do ERE de extinción e á modificación substancial das condicións laborais e salariais que a dirección pretende aplicar. Ademais, con



CSM-REXISTRODUVRY194

Verificación

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:54:59
Nº Rexistro: 61813
Data envío: 16/01/2020 16:54:59.301

esta medida de presión as traballadoras e os traballadores tamén esixen o cobro dos seus salarios, xa que teñen pendente de percibir parte da nómina de novembro e todo o soldo de decembro. A empresa ten unha débeda que, segundo os sindicatos, ascende aos 78 millóns de euros e deses, 23 millóns serían adebedados á propia Xunta. O comité de empresa pediulle á Xunta que paralizase o ERE e se comprometa co futuro da empresa. A Xunta ten unha gran responsabilidade e debe involucrase, vixiando como e en que se gastaron as axudas públicas concedidas, xa que esta empresa foi avalada con moitos millóns de cartos da Xunta.

Galicia non se pode permitir perder un centro de traballo da magnitude de Isidro 1952, cando é referencia nun sector estratéxico para Galicia como o da transformación e a distribución de produtos do mar, e logo de ter recibido millonarias axudas públicas nos últimos anos. A Xunta non pode poñerse de perfil ante esta situación tan grave nun sector de traballo intensamente precarizado.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta:

1. Que contactos mantivo a Xunta de Galicia coa dirección da empresa e a representación das traballadoras?
2. Recibiu esta empresa axudas públicas da Xunta de Galicia? A que contía ascenden?
3. Vai realizar unha investigación de como se xestionaron estas axudas por parte da empresa?
4. Que actuacións ten previsto a Xunta para que as traballadoras e traballadores



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:54:59
Nº Rexistro: 61813
Data envío: 16/01/2020 16:54:59.301

- cobren os salarios que lles adebeda a empresa?
5. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir os postos de traballo e evitar un retroceso nas condicións laborais nas factorías de Isidro 1952?
6. Que xestións está a realizar á Xunta de cara a solventar a viabilidade da empresa sen recortes en plantilla e salarios?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Xan Xove González

Deputada e deputado do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2020 16:39:32

Xan Xosé Jove González na data 16/01/2020 16:39:44



CSV REXISTRO: RODUJ3Y194
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 62018(10/POC-009956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Liñeiro Pouso, Encarnación

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a praga de moscas e mosquitos que vén padecendo o casco urbano de Ribadeo desde hai anos, na época de calor, a consecuencia do almacenamento indefinido de madeira no porto de Mirasol

Publicación da iniciativa, 600, 30.01.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 62018
Data envío: 20/01/2020 18:53:26.976

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Encarnación Liñeiro Pouso, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Desde hai anos o casco urbano de Ribadeo vén padecendo, na época de calor, unha praga de mosquitos e moscas que afecta aos seus veciños e veciñas, así como a hostalería, prexudicando a esta na época do ano na que Ribadeo ten unha maior afluencia turística.

En xuño de 2019 os propios hostaleiros de Ribadeo, desesperados con esta praga de moscas e mosquitos, pedían solucións a Portos de Galicia para erradicar a praga alegando que o foco podería estar na madeira almacenada *sine die* no porto comercial de Mirasol, no que se atopan decenas de miles de toneladas alí depositadas desde hai anos.

O propio Concello de Ribadeo contratou a unha empresa especialista no tratamento de pragas, que aportou solucións para combater este problema: tratar a madeira ou retirala do Porto de Mirasol, xa que os tratamentos empregados polos hostaleiros para erradicar estas moscas e mosquitos de nada servirían se a madeira segue amontoada indefinidamente no Porto. Informe que lle reenviou o propio Concello de Ribadeo ao Goberno galego. No informe explican que os hostaleiros non son capaces de eliminar os mosquitos das súas ventás, aínda limpando e aplicando insecticidas todos os días, e que provocan incidencias incluso nas comidas.

Os hostaleiros de Ribadeo advertiron de novo estes días que o problema non está resolto e que volverá a aparecer cando chegue a calor. Por iso entenden que é urxente que Portos de Galicia actúe e retire a madeira que leva anos almacenada no Porto de Mirasol de Ribadeo.

Por iso as deputadas que asinan preguntan:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 62018
Data envío: 20/01/2020 18:53:26.976

Vai o Goberno galego a adoptar algunha medida para evitar o problema da praga de moscas e mosquitos que o casco urbano de Ribadeo vén sufrindo desde hai anos na época de calor, debido ao almacenamento indefinido de madeira no Porto de Mirasol de Ribadeo?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2020 18:28:32

Encarnación Liñeiro Pouso na data 20/01/2020 18:28:46



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.9 62443(10/POC-010018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posta en marcha das medidas incluídas na moción
aprobada polo Parlamento galego no pleno do 17 de decembro

Publicación da iniciativa, 600, 30.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:23:39
Nº Rexistro: 62443
Data envío: 23/01/2020 18:23:39.907

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a posta en marcha das medidas contempladas na moción aprobada polo Parlamento Galego no pleno do 17 de decembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do día 17 de decembro de 2019 o Parlamento Galego aprobou a moción presentada polo BNG co seguinte texto:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Presentar no Parlamento un informe detallado do accidente do “Blue Star”, na ría de Ares, dende o seu inicio até o momento actual, no que como mínimo conste:

- a) Por que saíu o buque do seu fondeadoiro en Ares, cando había alerta amarela pola intensidade do vento, mar de fondo e ondas de cinco metros.
- b) Quen autorizou ou permitiu o movemento do buque e se foi monitorizado ou controlado o seu movemento.
- c) En que momento se ten coñecemento, ou se preveu, a colisión do buque con terra, e que medidas se adoptaron.

CSM-REXISTROaxRQPmY6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:23:39
Nº Rexistro: 62443
Data envío: 23/01/2020 18:23:39.907

d) Que medidas se adoptaron por este motivo, e en que momento, que dispositivo de salvamento marítimo se activou, e a partir de que momento en cada caso.

e) Que relación institucional mantivo o Goberno español (Subdelegación, capitanías, Salvamento Marítimo) coa Xunta de Galiza durante todo este proceso.

f) Cal foi a participación na Xunta de Galiza na toma de decisións.

g) Que investigación, obxectiva e neutral, se vai realizar para esclarecer os motivos e circunstancias que rodean o accidente.

h) Que se vai facer co “Blue Star”.

2.- Proceder a manter informado de xeito permanente ao sector pesqueiro e marisqueiro eventualmente afectado (confrarías e agrupacións de Ares, Pontedeume, Miño, Sada, Lorbé e A Coruña).

3.- Poñer en marcha todas as medidas precisas para garantir a protección do ecosistema mariño e a actividade produtiva pesqueira marisqueira da ría de Ares.

4.- Poñer en marcha todas as accións precisas, incluídas liñas de axudas, para garantir, dun xeito áxil, as rendas do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Ares, diante da comunicación ás confrarías da prohibición de faenar a menos dunha milla do lugar no que está embarrancado o “Blue Star”.

5.- Esixir a garantía de dotación de medios, sistemas e protocolos de control para enfrontar calquera incidente ou accidente marítimo que se poida producir no futuro na ría de Ares, na súa condición de zona de servizo ou fondeadoiro dos portos de A Coruña e Ferrol.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/01/2020 18:23:39

Nº Rexistro: 62443

Data envío: 23/01/2020 18:23:39.907

Por as razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que medidas das aprobadas na moción se están efectivizando?

En que consisten? En que data se iniciaron?

Puxéronse en marcha todas as accións precisas, incluídas liñas de axudas, para garantir, dun xeito áxil, as rendas do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Ares, diante da comunicación ás confrarías da prohibición de faenar a menos dunha milla do lugar no que está embarrancado o “Blue Star”?

En que data e que cantidades económicas se destinaron a este fin?

En que data se previsto presentar no Parlamento o informe detallado do accidente do “Blue Star”, na ría de Ares?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV REXISTRO3axRQd4y6

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:23:39
Nº Rexistro: 62443
Data envío: 23/01/2020 18:23:39.907

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 18:19:27

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 18:19:41

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 18:19:47

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 18:19:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 18:20:01

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 18:20:08

CSV REXISTRO3axRQd4y6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

